

**ACTA N° 2025/2**

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 29 de xaneiro de 2025

No día de hoxe, ás 09:06 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario en réxime de acumulación que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Constantino Cobas Coteló, en réxime de acumulación

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de novembro de 2024 e 10 de xaneiro de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2025. Exp 2025/X999/000011.

3º. Ditame sobre aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2024 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24. Exp. 2025/S001/000004.

4º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025. Exp. 2025/A008/000011.

5º. Proposta non ditaminada sobre solicitude de financiamento da obra "renovación do campo de fútbol municipal de Vimianzo". Exp. 2025/A007/000002.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 27 de novembro de 2024 e 10 de xaneiro de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,



a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación as citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións celebradas o 27 de novembro de 2024 e 10 de xaneiro de 2025.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2025. Exp 2025/X999/000011.

O secretario en réxime de acumulación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o martes, día 21 de xaneiro de 2025, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito do ano 2025"

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 15 de xaneiro de 2025, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2025

Vista a **relación contable H/2024/1**, con data de entrada no ano 2024, con importe imputable ao orzamento que ascende a **384.429,43 €** e que se xuntan como Anexo ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **384.429,43 €** a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento de servizos económicos para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas con cargo ao orzamento do 2025 e se proceda posteriormente a ordenar o seu pago.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez.”

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Sometida a votación o asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

Pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Ditame sobre aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2024 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas, e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24. Exp. 2025/S001/000004

O secretario en réxime de acumulación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o martes, día 21 de xaneiro de 2025, que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2024 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas, e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 16 de xaneiro de 2025, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA PARA O PLENO

Expte Tedec: 2025/S001/000004

ASUNTO: LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2024 DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS E MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.4 DA ORDENANZA FISCAL Nº 24.

Visto os escritos do Grupo Reactada de liquidación definitiva do exercicio 2024, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e departamento de servizos sociais.

Esta liquidación ascende a un total de **642.381,39 €**, dos que se atopan pendente a contía de **120.052,29 €**. Do importe da liquidación hai que descontar o canon a favor do Concello por importe de **21.860,05 €** que debe de ser aboado polo contratista. Polo tanto a cantidade a aboar o Grupo Reactada SL ascende a **un total de 98.192,24 €**.

CVD: 6i9HQXX1qH9vuZeIXz6R Verificable en la Sede Electrónica del Organismo del Concello de Vimianzo (FECHA: 04/02/2025 12:06:00)

Versión imprimible

CVD: pWL+l3QvmwY080cBbE+R Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Dado que a variación do IPC de novembro de 2023 a novembro de 2024 de acordo co INE, foi un 2,4 %, o canon a pagar pola empresa no exercicio 2025 será de **21.860,05 euros**.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2023, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

Prezos ano 2025 IPC 2,4 %

	2024	2025
VIVENDA	1.817,59 €	1.861,21 €
ESCOLA	523,93 €	536,50 €
COMEDOR	11,05 €	11,32 €
LAVANDERIA	4,63 €	4,74 €
CANON	21.860,05 €	22.384,69 €

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2024 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de **578.143,25 euros**.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2024, que supón un custo total para o Concello de 642.381,39 €, euros, quedando pendente de pagamento 120.052,29 euros, que descontado o canon sería de **98.192,24 €**.

SEGUNDO.- Para este exercicio 2025, a vista da vixencia do contrato, e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio, os pagos a conta serán de 578.143,25 euros. Os pagos a conta terán o seguinte detalle:

Pagos a conta 2025

Pagos a conta 90% = 578.143,25 €	
Xaneiro	44.042,85 €
Feb-Dec	48.554,58 €



TERCEIRO.- Que o canon para o ano 2025, que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de **21.860,05 euros** que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2026.

CUARTO.- Aprobar a modificación do artigo 7.4 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,47	0,45
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,88	0,72
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	4,38	0,90
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	5,80	1,17
Maiores ao triplo do SMI	7,28	1,48

A estes prezos hai que engadirlle un custo de **2,17 €** por día para o transporte se este fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006."

QUINTO.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

SEXTO.- Aprobar, con carácter definitivo; o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

SÉTIMO.- Publicar, unha vez aprobada a modificación; o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal núm. 24 no Boletín Oficial da Provincia."

Vimianzo, coa data da sinatura dixital
A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"



Sometida a votación o asunto, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por seis votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 Grupo Mixto-PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.

Pola Alcaldesa ábrese turno de debate concedéndolle a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Pide a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Queiro Pérez para manifestar que considera que o gasto social é un gasto necesario para o concello pero xa propuxo noutra ocasión medidas de aforro de gastos.

A Sra Alcaldesa contesta que o contrato de xestión de servizos de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas é moi necesario e non recorda a proposta de medidas de aforro. Expón que está en estudio a ampliación da escola infantil pero necesítase unha parcela axeitada ás condicións urbanísticas e sociais para a súa ubicación; o contrato está vixente dende o 2003 e tiña 41 usuarios da escola infantil e agora hai 75, polo que parece necesaria a súa ampliación.

Nun segundo turno de intervencións, o voceiro do PP Sr. Rodríguez Blanco manifesta que se deben solicitar diante da Xunta de Galicia máis axudas.

O voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez recorda que presentou unha moción para solicitar que a Xunta asumise o custo da Escola Infantil. E que se se tivera a Galiña Azul, debería ser complementaria deste servizo.

A Sra. Alcaldesa manifesta que as familias prefiren Escola Infantil máis que a Galiña Azul polos maiores servizos que se prestan (transporte, horario, flexibilidade, comedor, 12 meses de apertura etc) mentras que a Galiña Azul pecha en agosto e non ten servizo de transporte, nin de comedor e o grupo de goberno non está disposto a perder calidade do servizo. Considera que Vimianzo foi pioneira neste servizo dende hai máis de 20 anos e se a Xunta asumise a xestión da Escola infantil nas mesmas condicións actuais, estaría disposta a cedela.

Rematado o turno de intervencións, pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025. Exp. 2025/A008/000011

O secretario en réxime de acumulación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o martes, día 21 de xaneiro de 2025, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025. EXP.2025/A008/000011.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 16 de xaneiro de 2025, que se transcribe literalmente:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

CVD: 6i9HQXX1qH9vuZeIXz6R Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.nica Rodríguez Ordóñez (FECHA: 04/02/2025 12:06:00)



"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+2025. EXP.2025/A008/000011.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 233, do 03 de decembro de 2024, así como a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do dito plan (RE 202500000000137), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 1.029.149,24 euros (achega provincial 2024 e 2025), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

" 1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Pavimentación da estrada municipal en Tufiños no concello de Vimianzo	138.475,82 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	138.475,82 €
Pavimentación do núcleo de Sanfins no concello de Vimianzo	80.077,83 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	80.077,83 €

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Arranxo de rúas e rede de saneamento no núcleo de O Sisto	166.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	166.000,00 €
Mellora viario Carnio-Serramo	137.701,19 €	41.764,73 €	0,00 €	41.764,73 €	179.465,92 €
Subtotal investimentos achega provincial 2025	522.254,84 €	41.764,73 €	0,00 €	41.764,73 €	564.019,57 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostíbles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Ampliación e mellora da praza de Calo no concello de Vimianzo	198.922,17 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	198.922,17 €
Mellora de viario en Reparada	210.839,90 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	210.839,90 €
Mellora viario carnés-vilar	97.132,33 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	97.132,33 €
Subtotal investimentos achega provincial 2024	506.894,40€	0,00 €	0,00 €	0,00 €	506.894,40€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0,00 €				0,00 €
	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
	Achega 2025	522.254,84 €	41.764,73 €	0,00 €	41.764,73€	564.019,57 €



B- INVERTEMENTOS	Achega 2024	506.894,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	506.894,40 €
C- TOTAL	Achega 2025	522.254,84 €	41.764,73 €	0,00 €	41.764,73 €	564.019,57 €
	Achega 2024	506.894,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	506.894,40 €
	TOTAL	1.029.149,24 €	41.764,73 €	0,00 €	41.764,73 €	1.070.913,97 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación de viarios en Sansobre	170.610,96 €	0,00 €	170.610,96 €
TOTAIS	170.610,96 €	0,00 €	170.610,96 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto e/ou se esta tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido a votación do asunto, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorablem á proposta de acordo.”

Aberto turno de debate, concédese a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP Sr. Rodríguez Blanco que manifesta que vai apoiar a proposta porque considera importantes as obras previstas.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Queiro Pérez está tamén de acordo e quere incidir en que na actuación prevista para o lugar de Sansobre se solucione o problema da auga.

A Sra. Alcaldesa contesta que as obras son necesarias e destaca o importante esforzo do concello e da Deputación no investimento de preto de 1.100.000 euros en obras e que non se financia ningún gasto corrente do concello.

Rematado o turno de intervencións, pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º. Proposta non ditaminada sobre solicitude de financiamento da obra “renovación do campo de fútbol municipal de Vimianzo”. Exp. 2025/A007/000011

O secretario en réxime de acumulación lee a proposta da Alcaldía, de data 24 de xaneiro de 2025, que se reproduce a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DA OBRA “RENOVACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VIMIANZO”. EXP.2025/A007/000002.

Visto o proxecto denominado “*Renovación do campo de fútbol municipal de Vimianzo*”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm.22.992 (RE núm.202499900002487, de 16/12/2024).



Vista a memoria xustificativa da Alcaldía, asinada en data 24/01/2025, para a solicitude de financiamento á Deputación provincial da Coruña, do referido investimento municipal, financeiramente sostibles, que tal e como se indica na memoria responden a razóns de interese público de carácter económico, cultural, social e deportivo, cunha incidencia supramunicipal, xa que, con el, búscase promocionar o deporte, dende un punto de vista integral e de cohesión social.

E na que, por este motivo, xustifícase que é preciso que dita obra sexa sufragada por unha subvención específica, de carácter nominativo, para que poidan estar executadas á maior brevidade posible. Sendo esta unha das principais razóns, para solicitar este tipo de financiamento, posto que de valorar a súa inclusión no vindeiro plan de obras provincial, dificultaría acadar os fins que se pretenden coas mesmas, xa que, de contar cos mesmos prazos que se veñen dando nos anos anteriores; ata mediados do vindeiro ano, como mínimo, non se podería iniciar a licitación da obra, cando o que se precisa é a execución dela canto antes coincidindo co período do verán, máis óptimo para a execución da obra e no que a actividade deportiva non se vería afectada.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 24/01/2025 respecto da conformidade dos proxectos coa lexislación urbanística, as autorizacións precisas, dispoñibilidade dos terreos, necesidade de supervisión e división en lotes.

Así como os informes emitidos polo interventor municipal en data 24/01/2025 respecto da sustentabilidade financeira dos proxectos.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, tendo conta os prazos para a solicitude e execución do proxecto, a seguinte proposta:

Primeiro.-Solicitar á Deputación provincial da Coruña, o financiamento do investimento municipal,que se indica a continuación:

Investimentos	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación do campo de fútbol municipal de Vimianzo	350.000,00 €	130.075,92 €	480.075,92 €
Subtotal investimento	350.000,00 €	130.075,92 €	480.075,92 €

Segundo.- Aprobar o proxecto da obra que se relaciona na táboa anterior.

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento.

Cuarto.- Comprometerse o concello a destinar crédito no orzamento municipal do 2025 necesario para facer fronte á achega municipal do investimento incluído na solicitude.



Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta solicitude.

Sétimo.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)"

Neste punto a Sra. Alcaldesa expón que como o asunto non está ditaminado pola respectiva Comisión Informativa de Obras e Urbanismo e de conformidade co disposto no art. 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello debe ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión o asunto proposto no epígrafe.

Sometido a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos 12 Sres/as concelleiros/as asistentes, acorda:

Ratificar a inclusión na Orde do Día da sesión, o punto 5º baixo o epígrafe PROPOSTA NON DITAMINADA SOBRE SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DA OBRA "RENOVACION DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE VIMIANZO. Exp. 2025/A007/0000002 e proseguir co seu debate e votación.

Aberto turno de debate, concédeselle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP Sr. Rodriguez Blanco que manifesta que a renovación do campo de fútbol é unha obra moi necesaria e solicita que se planifique e coordine ben a súa execución ao acabar a tempada futbolística para perxudicar o menos posible aos clubs.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Queiro Pérez manifesta que se está propoñendo un investimento de preto de 500.000 euros e que pediu a documentación do expediente e que solamente se lle enviou o orzamento do proxecto, e quere a memoria e os planos do proxecto.

A Sra. Alcaldesa responde que ten claro que o BNG non quere o campo de fútbol, que os proxectos fannos os técnicos non os políticos, que o campo de fútbol leva sen investimentos dende o ano 2007, que na redacción do proxecto tívose en conta a opinión dos dous clubs do concello.

Nun segundo turno de intervencións, o voceiro do BNG, Sr. Queiro Pérez responde que él non dixo que non quería o campo de fútbol senón que quere ver o expediente completo cos informes e proxecto técnico do asunto que se trae ao pleno.



A Sra. Alcaldesa contesta que é claro que o BNG non quería que o clube Soneira levase as escolas deportivas e con respecto ao expediente ten acceso ao mesmo.

Rematado o turno de intervencións, pásase á votación do asunto, obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobada a proposta de acordo.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 23-11-2024 con número 1548/2024 ata o día 24-01-2025 con número 97/2025.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Mocións de urxencia.

Non constan.

8º. Rogos e preguntas.

Neste punto a Sra. Alcaldesa indica que as preguntas que se formulen e os rogos que se presenten, serán contestados na seguinte sesión ordinaria.

Seguidamente concede a palabra ao Sr. concelleiro do P.P, Sr Rodríguez Blanco que formula as seguintes preguntas:

- 1.- Quere saber como está a situación do expediente de deslinde co termo municipal de Camariñas.
- 2.- Quere saber tamén como está a situación do expediente da Relación de Postos de Traballo (RPT)
- 3.- Pregunta a continuación pola praza de Carantoña, quere saber cando se vai executar a segunda parte da obra.
- 4.- Pregunta a continuación polas inundacións que se están a producir nestes días diante da sua vivenda e roga que se dé algunha solución.
- 5.- Roga que se dé solución aos problemas que plantexa unha arqueta existente xunto ao colexio de Baíñas que se levanta coas choivas.
- 6.- Roga tamén que se suxeiten e axusten os contenedores en Baíñas que se moven co vento e dan mala imaxe.



7.- Roga que se solucionen os problemas que provoca a choiva diante do supermercado en Baíñas.

A continuación pola Presidencia concédese a palabra ao Sr. concelleiro do BNG, Sr. Queiro Pérez, que formula as seguintes preguntas:

1.- Nas redes sociais do concello, hai un veciño concretamente JMBP que está bloqueado, e cónstalle que a empresa que xestiona as RRSS elimina os comentarios críticos ao goberno municipal. Pregunta cando se vai a desbloquear ao veciño e solicita que non se borren as mensaxes críticas ao goberno do concello.

2.- Pregunta seguidamente pola árbore de San Fins que de momento sigue no seu sitio, e quere saber que medidas se tomaron ao respecto e se existen informes técnicos; propón unha reunión cos veciños para tomar unha decisión sobre que se fai con él posto que se falou de falar cun especialista para saber si se podía retoñar ou rescatar a árbore.

3.- Con motivo da recollida de sinaturas que estiveron facendo en relación coa concentración parcelaria de Carnés-Cereixo, e dado que tivo varias reunións cos veciños de Cereixo, estes veciños plantexaronlle a necesidade de ampliar a praza de Cereixo que se queda pequena; polo que roga que se plantexe esta necesidade e se leve a cabo a citada ampliación da praza.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:07 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario en réxime de acumulación redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario en réxime de acumulación
Constantino Cobas Cotelo